

TOPONIMIA

Sempre me chamaron a atención os nomes dos sitios cando miro un mapa ou saio de viaxe. Hai nomes de lugares moi bonitos, mais hai outros que non entendo como sobreviven. É un fenómeno que se da en todo o mundo.

Centrándonos en Galiza, atopamos nomes que de certo dinnos algo da súa historia ou da súa orixe e serven para diferenciar o lugar facilmente, pode ser o caso de: Arteixo (val de vertentes inclinadas), Carnota (un lugar pedregoso), Lousame (un sitio con lousas) ou Monforte (monte forte). Mais hai outros pobos cuxos nomes, anque designen algo deles, atópanse moi repetidos na xeografía da nosa autonomía, por exemplo: A Igrexa (hai máis de 600 sitios chamados así), O Outeiro (aparece en máis de 500 lugares) ou O Castro (en máis de 300 puntos xeográficos), por riba disto, aínda están as variantes de cada un deles: Outeiro, A Eirexe, Castro disto, Castro do outro,.....

No ano 1916 cambióuselles o nome a 15 localidades precisamente por seren repetidos ata a saciedade e dende aquela, todo segue igual.

Por outra banda, existen nomes, que anque a toponimia os xustifique, penso que non son moi axeitados por malsoantes ou por aludiren a termos sen sentido: Riotorto, A Piolla, Melón, Balea Marítima por exemplo, e os que rematan en morto/a, que parece ser que -mor- significa rocha: Boimorto, Ramorta, Lobomorto, Gatomorto, etc.

Despois tamén está o tema de engadirllles aos nomes das vilas o nome do seu patrón, aí ás veces mellórase algo o nome inicial, como pode ser o caso de A Escravitude, sendo Nosa Señora da Escravitude parece que lle da certa dignidade. Noutros casos, empeora aínda máis o nome orixinal coma en Santa María de Villapene, non si?

E hai outros nomes que, anque sexan bonitos, están en castelán, coma Cariño.

Agora existe a plataforma Galicia Nomeada, na que colabora a Real Academia Galega, o obxectivo da súa creación é salvagardar o patrimonio cultural asociado á toponimia, onde os cidadáns e asociacións poden nomear leiras, prados e todo lugar que non teña un nome recoñecido oficialmente, e de paso dixitalizalo. Aínda se poden subir tamén vídeos e fotos do sitio e explicar a súa historia.

A iniciativa é boa, o problema que atopo eu a isto é que se sigan a repetir nomes, porque, onde non hai un Chao ou un Vilar por exemplo?

A miña humilde opinión é que a Administración debería facer un referendo aos habitantes de cada aldea, municipio ou concello con nomes moi repetidos ou malsoantes, para que os cidadáns votasen un nome alternativo.

Todos os nomes teñen a súa historia para ben ou para mal, mais hai que ser realistas; poderá ser un pobo fermoso, poderán ser boa xente ou o que se queira, mais é bonito dicir: “Son de Matalobos”? Habendo como hai no galego palabras tan fermosas: mencer, brétema, ledicia e un longo etc. Qué necesidade hai de ter nomes feos ou repetidos?

En fin, eu só dou a miña opinión, e para gustos, as cores!

Daniel Iglesias Carballal.